

PLENO DO PARLAMENTO

21de marzo de 2017

10.00 horas



ÍNDICE

Páx.

Convocatoria do Pleno	1
Relación de membros da Cámara	7
Listado para votación	9
Punto 1. Solicitudes de comparecencia	12
1.1 1136 (10/CPP-000007)	
Da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento	
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016</i>	13
1.2 1137 (10/CPP-000008)	
Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento	
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016</i>	15
Punto 2. Mocións.....	17
2.1 6433 (10/MOC-000019)	
Grupo Parlamentario de En Marea	
Solla Fernández, Eva	
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos centros hospitalarios da área de saúde de Pontevedra. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 4594, publicada no BOPG nº 67, do 16.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.03.2017)	
.....	18
2.2 6443 (10/MOC-000020)	
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego	
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector da automoción. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 2080, publicada no BOPG nº 28, do 14.12.1016, e debatida na sesión plenaria do 07.03.2017)	
.....	21
2.3 6448 (10/MOC-000021)	
Grupo Parlamentario de En Marea	
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón	
Sobre o establecemento dun acordo entre o Goberno galego e o Ministerio de Fomento, para o mantemento dos servizos ferroviarios existentes en Galicia, así como a ampliación e mellora da rede ferroviaria. (Moción, a consecuencia da	

Interpelación nº 4113, publicada no BOPG nº 57, do 01.02.1017, e debatida na sesión plenaria do 07.03.2017) [25](#)

2.4 6473 (10/MOC-000022)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade no traballo entre mulleres e homes. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 5139, publicada no BOPG nº 71, do 22.02.1017, e debatida na sesión plenaria do 07.03.2017) [28](#)

Punto 3. Proposicións non de lei en Pleno [35](#)

3.1 4750 (10/PNP-000401)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento das súas competencias en materia de consumo en relación co control dos produtos financeiros emitidos polas entidades bancarias para os clientes e os seus procesos de comercialización
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 67, do 16.02.2017 [36](#)

3.2 4820 (10/PNP-000410)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moises e 13 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir o cumprimento dos obxectivos europeos de cobertura das redes de telecomunicacións de nova xeración e aumentar a eficiencia dos fondos públicos, así como posibilitar o acceso a unha velocidade de 30 megabits por segundo, cando menos, ao 90% dos habitantes das poboacións de menos de cinco mil habitantes en Galicia
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 67, do 16.02.2017 [41](#)

3.3 5390 (10/PNP-000454)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 3 máis
Sobre o establecemento polo Goberno galego do servizo público de dragaxe portuaria e doutros espazos do dominio público marítimo-terrestre na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a adquisición dunha embarcación de draga para esta finalidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017 [45](#)

3.4	5521 (10/PNP-000466)	
	Grupo Parlamentario de En Marea	
	Quinteiro Araujo, Paula e Rodríguez Estévez, David	
	Sobre a execución pola Xunta de Galicia, no ano 2017, das obras do plan de regadío da comarca da Limia	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017</i>	50
3.5	5676 (10/PNP-000481)	
	Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
	Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis	
	Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa oferta pública de emprego para o ano 2017	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017</i>	54
3.6	5688 (10/PNP-000484)	
	Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego	
	Presas Bergantiños, Noa e 5 máis	
	Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa memoria histórica	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017</i>	58
3.7	5818 (10/PNP-000496)	
	Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela	
	Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema Nacional de Saúde, a convocatoria dunha OPE no ano 2017, así como o establecemento dun plan plurianual de contratación na sanidade pública	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017</i>	69
3.8	6054 (10/PNP-000521)	
	Grupo Parlamentario Popular de Galicia	
	Trenor López, Gonzalo e 13 máis	
	Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa negociación coa Fegamp duns criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas, así como o establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia para a xestión da auga	
	<i>Publicación da iniciativa pola vía da urxencia, BOPG n.º 79, do 08.03.2017</i>	74
Punto 4. Interpelacións		79
4.1	1215 (10/INT-000040)	
	Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
	Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio	
	Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa situación económica e social da mocidade	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016</i>	80

4.2	2374 (10/INT-000091)	
	Grupo Parlamentario de En Marea	
	Lago Peñas, José Manuel	
	Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa distribución da renda salarial	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.12.2016</i>	83

4.3	5106 (10/INT-000192)	
	Grupo Parlamentario de en Marea	
	Solla Fernández, Eva	
	Sobre a xestión da saúde mental	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 71, do 22.02.2017</i>	87

Punto 5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta..... [90](#)

5.1	6504 (10/POPX-000022)	
	Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego	
	Pontón Mondelo, Ana Belén	
	Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas compañías eléctricas	
		91

5.2	6520 (10/POPX-000023)	
	Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
	Fernández Leiceaga, Xoaquín María	
	Sobre a actuación que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa oferta pública de emprego do ensino para o ano 2017	
		93

5.3	6524 (10/POPX-000024)	
	Grupo Parlamentario de En Marea	
	Villares Naveira, Luis	
	Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos mecanismos de financiamento adicional utilizados nos últimos anos	
		95

Punto 6. Preguntas ao Goberno..... [97](#)

6.1	6507 (10/PUP-000066)	
	Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego	
	Rodil Fernández, Olaia e 5 máis	
	Sobre as afirmacións realizadas en relación coas mulleres no discurso institucional do alcalde de Noia con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo de 2017	
		98

6.2	6008 (10/POP-000785)	
	Grupo Parlamentario de En Marea	
	Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón	

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa vertedura de residuos que se está a levar a cabo na parcela, protexida pola Rede Natura 2000, do conxunto granítico emblemático denominado “O con do paxaro”, no espazo dunar da praia da Lanzada, con motivo da execución das obras de mellora da estrada PO-308	
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017</i>	103
6.3 2656 (10/POP-000248)	
Grupo Parlamentario Popular de Galicia	
Fernández Prado, Martín e 6 máis	
Sobre o proceso de adaptación tecnolóxica que debe levar a cabo o Concello de Vigo para a incorporación do transporte urbano no Plan de transporte metropolitano	
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43, do 12.01.2017</i>	107
6.4 6486 (10/PUP-000624)	
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
Quiroga Díaz, José Antonio e 5 máis	
Sobre a data prevista polo Goberno galego para a posta en funcionamento do porto seco de Monforte de Lemos	
.....	110
6.5 4838 (10/POP-000624)	
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis	
Sobre a sentenza xudicial referida ao proxecto de construción dunha liña de alta tensión entre as localidades do Irixo en Lalín, e a súa afectación á fraga de Casas Vellas, na parroquia de Catasós	
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 67, do 16.02.2017</i>	114
6.6 6514 (10/PUP-000067)	
Grupo Parlamentario de En Marea	
Villares Naveira, Luis e 13 máis	
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego diante do conflito laboral existente en Pescanova, para defender os dereitos e as condicións de traballo dignas na empresa	
.....	117
6.7 4332 (10/POP-000545)	
Grupo Parlamentario Popular de Galicia	
Fernández Gil, Cesar Manuel e 5 máis	
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos do abandono temperá dos estudos en Galicia no ano 2016 pola poboación comprendida entre os 18 e os 24 anos antes de acadar a educación secundaria postobligatoria	
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 09.02.2017</i>	121
6.8 2851 (10/POP-000297)	
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego	
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis	
Sobre a situación de atención primaria na Área Sanitaria de Valdeorras	

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43, do 12.01.2017 [124](#)

6.9 5955 (10/POP-000774)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da presentación no Parlamento de Galicia, no actual período de sesións, dun proxecto de lei de modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que recolla o sentido e interpretación da sentenza xudicial referida á resolución da Dirección Xeral de Política Social respecto da concesión dunha soa renda de integración por domicilio e o que debe considerarse como unidade de convivencia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017 [128](#)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 21 de marzo de 2017, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 14 de marzo de 2017, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Comparecencias

- 1.1 1136 (10/CPP-000007)
Da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016
- 1.2 1137 (10/CPP-000008)
Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016

Punto 2. Mocións

- 2.1 6433 (10/MOC-000019)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos centros hospitalarios da área de saúde de Pontevedra. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º. 4594, publicada no BOPG n.º. 67, do 16.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.03.2017)
- 2.2 6443 (10/MOC-000020)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector da automoción. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º. 2080, publicada no BOPG n.º. 28, do 14.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 07.03.2017)
- 2.3 6448 (10/MOC-000021)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre o establecemento dun acordo entre o Goberno galego e o Ministerio de Fomento para o mantemento dos servizos ferroviarios existentes en Galicia, así como a ampliación e mellora da rede ferroviaria. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º. 4113, publicada no BOPG n.º. 57, do

01.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.03.2017)

- 2.4 6473 (10/MOC-000022)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade no traballo entre mulleres e homes. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº. 5139, publicada no BOPG nº. 71, do 22.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.03.2017)

Punto 3. Proposicións non de lei

- 3.1 4750 (10/PNP-000401)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento das súas competencias en materia de consumo en relación co control dos produtos financeiros emitidos polas entidades bancarias para os clientes e os seus procesos de comercialización
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 67, do 16.02.2017
- 3.2 4820 (10/PNP-000410)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 13 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir o cumprimento dos obxectivos europeos de cobertura das redes de telecomunicación de nova xeración e aumentar a eficiencia dos fondos públicos, así como posibilitar o acceso a unha velocidade de 30 megabits por segundo, cando menos, ao 90% dos habitantes das poboacións de menos de cinco mil habitantes en Galicia.
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 67, do 16.02.2017
- 3.3 5390 (10/PNP-000454)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 3 máis
Sobre o establecemento polo Goberno galego do servizo público de dragaxe portuaria e doutros espazos do dominio público marítimo-terrestre na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a adquisición dunha embarcación de draga para esta finalidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017
- 3.4 5521 (10/PNP-000466)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

Sobre a execución pola Xunta de Galicia, no ano 2017, das obras do plan de regadío da comarca da Limia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017

- 3.5 5676 (10/PNP-000481)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa oferta pública de emprego para o ano 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017
- 3.6 5688 (10/PNP-000484)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa memoria histórica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017
- 3.7 5818 (10/PNP-000496)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema Nacional de Saúde, a convocatoria dunha OPE no ano 2017, así como o establecemento dun plan plurianual de contratación na sanidade pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017
- 3.8 6054 (10/PNP-000521)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 13 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa negociación coa Fegamp duns criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas, así como o establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia para a xestión da auga
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 79, do 08.03.2017

Punto 4. Interpelacións

- 4.1 1215 (10/INT-000040)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa situación económica e

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

social da mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016

- 4.2 2374 (10/INT-000091)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa distribución da renda salarial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.12.2016

- 4.3 5106 (10/INT-000192)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a xestión da saúde mental
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 71, do 22.02.2017

Punto 5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

- 5.1 6504 (10/POPX-000022)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa compañías eléctricas
- 5.2 6520 (10/POPX-000023)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a actuación que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa oferta pública de emprego do ensino para o ano 2017
- 5.3 6524 (10/POPX-000024)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luís
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos mecanismos de financiamento adicional utilizados nos últimos anos

Punto 6. Preguntas ao Goberno

- 6.1 6507 (10/PUP-000066)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as afirmacións realizadas en relación coas mulleres no discurso institucional do alcalde de Noia con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo de 2017

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

- 6.2 6008 (10/POP-000785)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa vertedura de residuos que se está a levar a cabo na parcela, protexida pola Rede Natura 2000, do conxunto granítico emblemático denominado "O con do paxaro", no espazo dunar da praia da Lanzada, con motivo da execución das obras de mellora da estrada PO-308
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017
- 6.3 2656 (10/POP-000248)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 6 máis
Sobre o proceso de adaptación tecnolóxica que debe levar a cabo o Concello de Vigo para a incorporación do transporte urbano no Plan de transporte metropolitano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43, do 12.01.2017
- 6.4 6486 (10/PUP-000065)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e 5 máis
Sobre a data prevista polo Goberno galego para a posta en funcionamento do porto seco de Monforte de Lemos
- 6.5 4838 (10/POP-000624)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a sentenza xudicial referida ao proxecto de construción dunha liña de alta tensión entre as localidades do Irixo e Lalín, e a súa afectación á fraga de Casas Vellas, na parroquia de Catasós
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 67, do 16.02.2017
- 6.6 6514 (10/PUP-000067)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego diante do conflito laboral existente en Pescanova, para defender os dereitos e as condicións de traballo dignas na empresa
- 6.7 4332 (10/POP-000545)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos do abandono temperá dos estudos en Galicia no ano 2016 pola poboación comprendida

entre os 18 e 24 anos antes de acadar a educación secundaria postobrigatoria

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 09.02.2017

- 6.8 2851 (10/POP-000297)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre a situación da atención primaria na Área Sanitaria de Valdeorras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43, do 12.01.2017
- 6.9 5955 (10/POP-000774)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da presentación no Parlamento de Galicia, no actual período de sesións, dun proxecto de lei de modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que recolla o sentido e interpretación da sentenza xudicial referida á resolución da Dirección Xeral de Política Social respecto da concesión dunha soa renda de integración por domicilio e o que debe considerarse como unidade de convivencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 14/03/2017 14:16:10

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Magdalena Barahona Martín	EM
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Carlos Enrique López Crespo	P
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Juan José Merlo Lorenzo	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG

Pedro Puy Fraga	P
Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia X Lexislatura

(actualizada 06 de febreiro de 2017)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Álvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	P			
4. Balseiros Guinarte, Silvestre José	P			
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
6. Barahona Martín, Magdalena	EM			
7. Blanco Paradelo, Moisés	P			
8. Blanco Rodríguez, Noela	S			
9. Cal Ogando, Marcos	EM			
10. Casal Vidal, Francisco	EM			
11. Castiñeira Broz, Jaime	P			
12. Chao Pérez, Luca	EM			
13. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	EM			
14. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
15. Egerique Mosquera, Teresa	P			
16. Fernández Fernández, Raúl	S			
17. Fernández Gil, César Manuel	P			
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
19. Fernández Prado, Martín	P			
20. García Míguez, María Angeles	P			
21. Gómez Salgado, Carlos	P			
22. González Vázquez, José	P			
23. Lago Peñas, José Manuel	EM			
24. López Crespo, Carlos Enrique	P			
25. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
26. Merlo Lorenzo, Juan José	EM			
27. Moreira Ferro, Jacobo	P			
28. Mouriño Villar, Antonio	P			
29. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
30. Novo Fariña, María Isabel	P			

31. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
32. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
33. Pazos Couñago, José Alberto	P			
34. Pérez Seco, José Manuel	S			
35. Pierres López, María Luisa	S			
36. Pontón Mondelo, Ana Belen	BNG			
37. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
38. Prado del Río, Paula	P			
39. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
40. Puy Fraga, Pedro	P			
41. Quinteiro Araújo, Paula	EM			
42. Quiroga Díaz, José Antonio	S			
43. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
44. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
45. Rodríguez Arias, Marta	P			
46. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
47. Rodríguez Estévez, David	EM			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	EM			
54. Santos Queiruga, Carmen	EM			
55. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
56. Toja Suárez, María Dolores	S			
57. Torrado Quintela, Julio	S			
58. Trenor López, Gonzalo	P			
59. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	P			
60. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
61. Vázquez Verao, Paula	EM			
62. Vega Pérez, Daniel	P			
63. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
64. Villares Naveira, Luís	EM			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA				
65. Quintana Carballo, Rosa María	P			
66. Rey Varela, José Manuel	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. Mato Otero, Beatriz	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			
DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO				
71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

1. Comparecencias en pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

1.1 1136(10/CPP-000007)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición propia, para
informar das liñas xerais de actuación do seu departamento



Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da conselleira do Medio Rural para informar **“das liñas xerais de actuación do seu departamento”**.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

1.2 1137(10/CPP-000008)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para
informar das liñas xerais de actuación do seu departamento



Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da conselleira do Mar para informar **“das liñas xerais de actuación do seu departamento”**.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

2. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 6433(10/MOC-000019)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos centros hospitalarios da área de saúde de Pontevedra. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº. 4594, publicada no BOPG nº. 67, do 16.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.03.2017)

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada, **Eva Solla Fernández**, e ao abeiro no disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación, doc. núm. **4594**, sobre a política sanitaria na área de saúde de Pontevedra, que foi debatida na sesión plenaria do día 8 de marzo de 2017. (10/INT-000175).

MOCIÓN

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

- 1.- Licitar e adjudicar o proxecto para a ampliación do hospital de Montecelo no ano 2017.
- 2.- Condicionar o proxecto a un modelo de financiamento unicamente público.
- 3.- Evitar no proxecto a inclusión dun modelo de aparcadoiro privado.
- 4.- Adoptar no hospital provincial as melloras necesarias, mentres non conclúen as obras en Montecelo, para que se poida prestar a atención sanitaria en condicións dignas.
- 5.- Asegurar no Plan Funcional que o uso do actual hospital provincial será exclusivamente sanitario.
- 6.- Facilitar á Cámara, publicar na páxina web da Consellería de Sanidade e facilitar ás e aos profesionais da Área Sanitaria a Memoria do CHOP coa fin de que verdadeiramente se poida participar na redacción do Plan Funcional.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2016.



Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do GP de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/03/2017 10:42:45

Luis Villares Naveira na data 10/03/2017 10:42:53

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

2.2 6443(10/MOC-000020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector da automoción. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº. 2080, publicada no BOPG nº. 28, do 14.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 07.03.2017)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 8 de marzo, sobre a política do Goberno galego en relación co sector da automoción (doc. núm. **2080**, [10/INT-000083]).

Moción

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a :

1.- Elaborar e acordar, en diálogo coas organizacións de traballadores e traballadoras, coas empresas do sector e universidades, unha “Estratexia de potenciación do sector da automoción”, que contemple cando menos, as seguintes liñas de actuación:

- Fomento da I+D+i en colaboración coas empresas, universidades e centros tecnolóxicos de xeito que as empresas localicen en Galiza os seus centros de investigación.
- Establecemento de axudas ligadas ao mantemento dos postos de traballo, á garantía dos dereitos laborais e á permanencia dos centros produtivos en Galiza.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2017 12:31
Nº Rexistro: 6443
Data envío: 10/03/2017 12:31:25.331

- Redefinición da política de chan industrial de xeito que se garanta a posta a disposición de chan industrial dotado adecuadamente a prezos competitivos.

- Axilizar e simplificar os tramites administrativos mediante unha xanela única que favoreza a coordinación entre as diferentes administracións e a posta a disposición do chan industrial, para a mellora da competitividade do sector.

2.- Elaborar a través do Consello Económico e Social un informe sobre a incidencia do fenómeno da deslocalización na economía galega así como sobre as axudas outorgadas nos últimos oito anos ás empresas da automoción incluíndo unha comparativa na que se recolla a evolución da produción e do cadro de persoal e horas de contratación de cada unha desas empresas para avaliar os efectos do investimento.

3.- Demandar do Goberno do Estado o desenvolvemento dunha tarifa eléctrica galega para a produción industrial que, atendendo á condición de produtor excedentario, reverta nun abaratamento da factura para aumentar a competitividade do sector.”

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017

Asdo. **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2017 12:31
Nº Rexistro: 6443

Data envío: 10/03/2017 12:31:25.331

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/03/2017 12:30:37

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

2.3 6448(10/MOC-000021)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o establecemento dun acordo entre o Goberno galego e o Ministerio de Fomento para o mantemento dos servizos ferroviarios existentes en Galicia, así como a ampliación e mellora da rede ferroviaria. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº. 4113, publicada no BOPG nº. 57, do 01.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.03.2017)



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Moción, para substanciar a Interpelación, doc. núm. **4113**, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co peche da venda ao público de billetes e do servizo de atención ao viaxeiro en diversas estacións de ferrocarril, que foi debatida na sesión plenaria do día 7 de marzo de 2017. (10/INT-000151).

MOCIÓN

- O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a buscar un acordo co Ministerio de Fomento para brindar os servizos ferroviarios cos que xa conta Galicia e traballar na paulatina ampliación e mellora da nosa rede ferroviaria; como son a mellora nos tempos de traxecto na conexión Lugo-Ourense, as melloras na liña FEVE, a continuación do Eixo Atlántico ata Ferrol e a saída Sur, a mellora nas frecuencias do Eixo Atlántico, a dinamización do transporte de mercadorías por ferrocarril, a conexión co eixo europeo de mercadorías ou a rebaixa dos prezos das viaxes para incrementar o seu uso.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Antón Sanchez García

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputados do GP de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 10/03/2017 13:16:59

Antón Sánchez García na data 10/03/2017 13:17:12

Luis Villares Naveira na data 10/03/2017 13:17:35

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

2.4 6473(10/MOC-000022)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade no traballo entre mulleres e homes.

(Moción, a consecuencia da Interpelación nº. 5139, publicada no BOPG nº. 71, do 22.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.03.2017)

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 7 de marzo de 2017, sobre a política do Goberno galego en materia de igualdade no traballo entre mulleres e homes (10/INT-000196, doc. núm. 5139)

Moción

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha un plan de igualdade no emprego en Galicia, co propósito de promover a inserción laboral efectiva das mulleres galegas.

1.1 Dito plan elaborárase de maneira conxunta cos axentes sociais.

1.2 O punto de partida fundamentárase na elaboración dunha diagnose previa da situación laboral da muller en Galicia, tendo en conta parámetros de afiliación; de paro rexistrado; de calidade no emprego; retribucións; ocupacións; sinistralidade laboral, e valor do traballo no fogar.

1.3 No documento describíranse os obxectivos a alcanzar, o prazo dos mesmos, as ferramentas para conseguilo, e a dotación orzamentaria do mesmo.

1.4 Dentro do plan, estableceranse como mínimo programas específicos co obxectivo de:

a) Incrementar a participación das mulleres no mercado laboral, incorporando a mulleres inactivas e paradas ao mesmo, de cara a achegar o índice de mulleres afiliadas a un nivel similar ao dos homes, definindo a graduación de intensidade en función de áreas de actuación, tendo en conta as

diferenzas no índice de afiliación e paro rexistrado de homes e mulleres.

b) Incrementar a calidade e seguridade no emprego das mulleres, coa creación dun Programa especial de Emprego Feminino destinado á mellorar o emprego estable e á redución da parcialidade nos contratos realizados a mulleres. Deste xeito fomentárase a creación e o mantemento de postos de traballo estables.

c) Reducir as desigualdades en razón de sexo na incorporación das mulleres ó conxunto das actividades e ocupacións.

d) Fomentar a implantación do principio de igualdade e de paridade retributiva por traballo de similar valor.

e) Fomentar o emprendemento, a economía social e a incorporación a ocupacións dos filóns de emprego das mulleres e a súa coparticipación legal nas empresas familiares.

f) Apoiar ós sectores con alto índice de presenza feminina.

g) Potenciar a conciliación da vida laboral e familiar.

1.5 O devandito plan presentarase no Parlamento de Galicia durante o primeiro semestre do ano 2017.

2. Apoiar de xeito económico e técnico a implantación de plans de igualdade ou doutras medidas de promoción da igualdade.

2.1 Incrementar durante a X lexislatura as medidas de apoio económico e técnico para a implantación voluntaria de plans de igualdade ou de outras medidas de promoción da igualdade, facendo especial fincapé no incremento da porcentaxe de mulleres en casos de subrepresentación das mesmas e na adaptación dos tempos e horarios laborais.

2.2 Convocar anualmente axudas:

a) Que favorezan a eliminación da infrarepresentación laboral feminina coa finalidade de posibilitar a participación das mulleres nos ámbitos laborais e empresariais tradicionalmente ocupados por homes.

b) Para a implantación voluntaria ou imposta en convenio colectivo de ámbito superior á empresa de medidas concretas de promoción da igualdade, incluíndo accións de responsabilidade social, en especial a vixilancia da valoración de postos de traballo e da estrutura salarial e extrasalarial.

2.3 As empresas que teñan recibido unha axuda pública para a implantación do plan de igualdade virán obrigadas a elaborar, anualmente, un informe que poña de manifesto a evolución, durante ese período, da súa implantación.

2.4 Exercerase labor de e vixilancia e inspección sobre as empresas con axudas públicas para verificar a implantación do plan ou das medidas, e, de non se cumprir, proporase a revogación das axudas e o seu reintegro.

2.5 Dotar anualmente de maneira suficiente e, de esgotarse, habilitar de forma inmediata as modificacións orzamentarias oportunas para que a axuda ao emprendemento ás mulleres vítimas de violencia de xénero estea sempre dispoñible.

3. Intensificar a colaboración coa Delegación Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social, adscrita ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, contra a brecha salarial e pola igualdade efectiva no traballo.

3.1 No marco deste acordo, poñerase en marcha unha fiestra única para a recepción de consultas e denuncias sobre a fenda salarial de xénero e a igualdade de oportunidades no acceso ao mercado laboral e condicións de traballo, como un mecanismo para a coordinación interinstitucional.

4. Potenciar á integración da igualdade na formación profesional e no ensino universitario a través da:

4.1 Elaboración de datos sobre porcentaxes de alumnas e graduadas así como sobre as saídas profesionais nos programas de orientación preuniversitaria co fin de potenciar o perfil das titulacións entre as alumnas.

4.2 Posta en marcha dunha campaña de sensibilización na formación profesional para favorecer a presenza de mulleres en disciplinas masculinizadas.

4.3 Toma de medidas de comunicación que incidan nunha elección de estudos e saída profesional non sesgada por cuestións de xénero.

4.4 Favorecer a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres, no desenvolvemento das súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de formación profesional, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, información e orientación profesional, avaliación da calidade e cantas outras poida asumir no marco da *Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións da formación profesional*.

5. Priorizar nas políticas activas de emprego a situación das mulleres do medio rural e do sector marítimo-pesqueiro, implantando programas e medidas destinadas á súa efectiva inserción laboral.

6. Redactar e difundir un monográfico sobre fenda salarial en Galicia cada 22 febreiro, Día para a igualdade salarial entre mulleres e homes.

7. Garantir o cumprimento do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, en concreto no seu artigo 71 e polo tanto:

7.1 Solicite ás empresas con consellos de administración domiciliadas en Galicia, que dentro do mes de xaneiro de cada ano natural, información desagregada por sexos sobre a composición dos seus consellos de administración ao departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo.

7.2 Calquera outra empresa con axencia, sucursal, delegación, ou calquera outra representación en Galicia, voluntariamente, poderalle remitir tal información á Administración autonómica.

7.3 Á vista da información obtida, o departamento encargado do Goberno galego emitirá informe preceptivo en materia de igualdade, así como unha nota pública favorable ou recomendación sobre o incremento gradual da participación das mulleres nos consellos de administración.

7.4 O Goberno galego presentará anualmente no Parlamento de Galicia un informe no que se realice unha análise exhaustiva dos datos de información desagregada por sexos sobre a composición dos consellos de administración das empresas domiciliadas en Galicia.

8. Poñer en marcha actuacións dirixidas ao fomento do empresariado feminino, fundamentalmente a respecto da: formación empresarial, axudas económicas para a creación de empresa, servizos de asesoramento empresarial, servizos de tutoría na creación e mellora de empresa, apoio á constitución de redes empresariais, fomento da participación nas canles de promoción, publicidade e comercialización de servizos e produtos.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a:

1. Promover unha lei de igualdade salarial entre homes e mulleres que garanta de forma real e efectiva tanto a distribución social dos traballos domésticos, como a retribución para o desempeño dun traballo de igual valor, removendo todos os obstáculos (acceso, formación, promoción, conciliación...) que o dificultan.

 Grupo Parlamentario

2. O recoñecemento lexislativo da figura do “mobbing maternal”, entendido como toda discriminación laboral da muller polo feito de ser nai, promovendo a súa erradicación como práctica e protexendo a maternidade desde un punto de vista laboral.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 10 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 10/03/2017 17:49:57

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/03/2017 17:50:05

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3. Propositions non de lei en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 4750(10/PNP-000401)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento das súas competencias en materia de consumo en relación co control dos produtos financeiros emitidos pola entidades bancarias para os clientes e os seus procesos de comercialización

Publicación da iniciativa, 67, 16.02.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 13:32
Nº Rexistro: 4750
Data envío: 08/02/2017 13:32:10.278

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a desenvolver as competencias de consumo da Xunta de Galiza fronte ás agresivas políticas comerciais e abusos das entidades financeiras.

Nos últimos anos as galegas e galegos puideron coñecer un número importante de casos de abusos bancarios de diferente índole que tiveron a súa translación a un número en aumento de sentenzas arredor deles. Polo importante número de persoas afectadas, polas contías implicadas e a extensión territorial que tivo, alén da exemplar loita social que supuxeron, o noso país aínda recorda o grande calote das preferentes e obrigas subordinadas. Máis recente é a sentenza europea sobre as cláusulas chan do pasado mes de decembro de 2016.

Como é lóxico, a secuencia de todos estes acontecementos xeraron unha inseguridade e preocupación por parte das persoas usuarias de cara ás accións levadas a cabo polas entidades bancarias. Unha preocupación e unhas esixencias que as administracións públicas non sempre souberon acompañar nun contexto no que os feitos evidencian como a colocación de produtos financeiros por parte das entidades financeiras segue a estar rodeada de prácticas pouco transparentes e garantistas para cos dereitos das persoas usuarias e co bo devir da economía en xeral.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 13:32
Nº Rexistro: 4750
Data envío: 08/02/2017 13:32:10.278

Un denominador común das diferentes sentenzas e avaliacións de persoas expertas e de entidades independentes é que, para alén de cuestións relacionadas coa legalidade, a gravidade e importancia do asunto radica na mala praxe durante a colocación destes produtos, ora por falta de información e transparencia, ora por existencia de cláusulas dolosas que acompañan unha información insuficiente e opaca que, segundo os casos, mesmo se dá nun contexto no que as persoas afectadas están nunha situación de vulnerabilidade e existe un abuso engadido ao ofertar estes produtos a un público que carece de coñecementos financeiros e asume riscos sen ter consciencia sobre eles e sen que se lle garanta unha información suficiente.

Para alén disto, existe tamén un volume importante de casuísticas nas que a potencial clientela ten unha necesidade urxente de recibir ese produto, caso dos créditos, e polo tanto rebaixa o seu grao de fiscalización da operación porque precisa acollerse a unhas esixencias bancarias si ou si, sen ter outra saída ou sen ter información sobre outras potenciais vías para a súa situación.

Neste contexto, froito das demandas da clientela, de diferentes colectivos, administracións, etc, toda esta inxuedanza social foi pulando cambios normativos. Neste sentido, a normativa europea centra na actualidade a súa atención naquilo que atinxe á “idoneidade do produto para cada cliente” (debendo realizar un test de idoneidade no banco) así como á formación dos cadros de persoal do sector financeiro para que cada traballador ou traballadora actúe como persoa “asesora”.

Porén, resulta aínda evidente a carencia de ferramentas administrativas para o control sobre os produtos emitidos sobre a súa comercialización, a inexistencia dunha entidade para o control independente e factores preocupantes que non son tidos en conta como o claro conflito de interese no intento de contratar o produto.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 13:32
Nº Rexistro: 4750
Data envío: 08/02/2017 13:32:10.278

Galiza ten competencias en materia de consumo que deben desenvolverse de forma ambiciosa nas ópticas de prevención e de control para reverter en última instancia no ben dos galegos e galegas e na seguranza económica do país malia o limitado do marco.

Por todos estes motivos, o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a:

- Dotar de maiores medios ao IGC (Instituto Galego de Consumo) para que poida poñer en marcha mecanismos de control sobre os produtos financeiros que se colocan á clientela por parte das entidades financeiras, así como sobre os procesos de comercialización destes.
- Participar da Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) co obxecto de ser axente activo fronte ás agresivas políticas comerciais e abusos das entidades financeiras.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 13:32
Nº Rexistro: 4750
Data envío: 08/02/2017 13:32:10.278

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2017 13:31:12

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2017 13:31:18

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2017 13:31:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2017 13:31:23

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2017 13:31:25

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2017 13:31:27

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 4820(10/PNP-000410)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 13 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir o cumprimento dos obxectivos europeos de cobertura das redes de telecomunicación de nova xeración e aumentar a eficiencia dos fondos públicos, así como posibilitar o acceso a unha velocidade de 30 megabits por segundo, cando menos, ao 90% dos habitantes das poboacións de menos de cinco mil habitantes en Galicia.
(Procedemento de urxencia)

*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 67,
16.02.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2017 12:17
Nº Rexistro: 4820
Data envío: 09/02/2017 12:17:49.128

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Paula Prado del Río, José González Vázquez, María Antón Vilasánchez, Raquel Arias Rodríguez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Encarnación Amigo Díaz, Silvestre Balseiros Guinarte, Diego Calvo Pouso e Jaime Castiñeira Broz**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada, pola necesidade de que o Parlamento de Galicia, se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

Galicia conta con máis de 30.000 entidades de poboación (núcleos e diseminados), un 40% das entidades de poboación do conxunto do Estado. Destas, máis do 90% teñen menos de 100 habitantes. Esta dispersión poboacional, unida a unha orografía complexa, fan que a extensión de redes de telecomunicación en Galicia resulte máis custosa e menos rendible para os operadores privados respecto a outras comunidades autónomas.

Actualmente atopámonos nun momento crucial para o desenvolvemento das redes de telecomunicacións, toda vez que a Comisión Europea, a través da Axenda Dixital para Europa, fixou uns ambiciosos obxectivos de cobertura de redes de nova xeración, tamén chamadas redes ultrarrápidas, para o horizonte 2020.

Ditos obxectivos, que foron asumidos polo goberno de España e pola Xunta de Galicia consisten principalmente en dotar de cobertura de 30Mbps á totalidade da poboación e impulsar a contratación de servizos de 100Mbps nos fogares.

Acadar estes obxectivos require indubidablemente da actuación das administracións públicas, especialmente para que estas redes cheguen as poboacións de menor tamaño, onde os operadores non realizan os seus despregamentos “*motu proprio*” por considerar que non son rendibles.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2017 12:17
Nº Rexistro: 4820
Data envío: 09/02/2017 12:17:49.128

Tendo en conta a coincidencia de obxectivos, así como a dispoñibilidade de fondos de ambas administracións, dende o Grupo Parlamentario Popular entendemos que a execución de actuacións conxuntas entre o Estado e a Xunta de Galicia permitiría unha maior eficiencia, aumentando o efecto multiplicador das axudas públicas e conseguindo, deste xeito, incrementar o ámbito de cobertura de redes ultrarrápidas que se pode acadar grazas á intervención pública.

Por outra banda, no que a cobertura de redes de 30 megas se refire, é preciso ter en conta que como resultado da subasta pública para o outorgamento de concesións de uso privativo de dominio público radioeléctrico na banda de 800Mhz, os operadores que resultaron adxudicatarios de frecuencias en dita banda (nomeadamente Movistar, Vodafone e Orange) teñen unhas obrigas de cobertura derivadas de dita adxudicación.

Dende o Grupo Parlamentario Popular entendemos que, a fin de evitar prexuízos a Galicia e en pos dun mellor equilibrio territorial do Estado, resulta preciso que as obrigas de cobertura derivadas da concesión destas frecuencias se territorialicen, obrigando aos operadores a cumprir ese mínimo de cobertura no ámbito da nosa Comunidade Autónoma.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

- 1º.- Dirixirse ao Goberno de España para colaborar coa Xunta de Galicia para desenvolver unha actuación conxunta de despregamento de redes de acceso de nova xeración (NGA) de moi alta velocidade (100Mbps), empregando os fondos europeos dos que dispoñen ambas administracións, para garantir o cumprimento dos obxectivos europeos de cobertura das redes de nova xeración á vez que se aumenta a eficiencia dos fondos públicos.

- 2º.- Dirixirse ao Goberno de España para obrigar aos operadores que resultaron adxudicatarios de bloques de frecuencias na banda de 800Mhz a completar conxuntamente, antes do 1 de xaneiro de 2020, unha cobertura que permita o acceso a unha velocidade de 30 megabits por segundo (Mbps) a, cando menos, o 90% dos habitantes das poboacións de menos de 5.000 habitantes de Galicia”.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2017 12:17
Nº Rexistro: 4820
Data envío: 09/02/2017 12:17:49.128

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/02/2017 12:14:29

Moisés Blanco Paradelo na data 09/02/2017 12:14:37

Paula Prado Del Río na data 09/02/2017 12:14:44

José González Vázquez na data 09/02/2017 12:14:54

Maria Antón Vilasánchez na data 09/02/2017 12:15:08

Raquel Arias Rodríguez na data 09/02/2017 12:15:16

Teresa Egerique Mosquera na data 09/02/2017 12:15:25

Marta Novoa Iglesias na data 09/02/2017 12:15:35

Cristina Isabel Romero Fernández na data 09/02/2017 12:15:42

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/02/2017 12:15:50

Sandra Vázquez Domínguez na data 09/02/2017 12:15:58

María Encarnación Amigo Díaz na data 09/02/2017 12:16:09

Silvestre Balseiros Guinarte na data 09/02/2017 12:16:17

Diego Calvo Pouso na data 09/02/2017 12:16:28

Jaime Castiñeira Broz na data 09/02/2017 12:16:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 5390(10/PNP-000454)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre o establecemento polo Goberno galego do servizo público de dragaxe portuaria e doutros espazos do dominio público marítimo-terrestre na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a adquisición dunha embarcación de draga para esta finalidade

Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e dos seus deputados **Francisco Casal Vidal** e **Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha parte importante dos portos pesqueiros da Mariña de Lugo padecen unha situación que é común a outros espazos portuarios galegos, que é a falta de calado para o uso para o que foron concibidos e que levan ás embarcacións a ter dificultades de atraque ou partida durante a marea baixa, ou mesmo a deixar inservibles puntos de amarre, como sucede na actualidade no Porto de Foz.

Esta situación non é conxuntural senón estrutural, e afecta a numerosos portos de todo o litoral galego.

A falta de calado nos portos e outros lugares de tránsito marítimo dificulta as actividades económicas dun sector estratéxico para o noso País como é a pesca, ademais de afectar a outros como o turismo náutico e a actividade mercantil portuaria, polo que a a Xunta debería de abordar unha solución estrutural e non a contratación puntual de actividades de dragado.

Neste sentido, numerosas confrarías de pescadores e outras asociacións profesionais do mar téñense pronunciado a prol dunha solución duradeira para



atallar con rapidez, eficacia e economía de medios as necesidades de dragado dos portos do noso litoral.

Outras comunidades autónomas en situacións semellantes á galega, pero incluso con menos espazo portuario e zonas de ría, como o Principado de Asturias, dispoñen de dragas de titularidade autonómica para atender estas funcións.

Ao longo dos seus 1.720 quilómetros de costa, o noso País conta con 129 portos. Deles, a Xunta de Galicia, a través do ente público PORTOS DE GALICIA, adscrito á Consellería do Mar, xestiona directamente 122. Os outros seis, de maior dimensión e de interese xeral do Estado, dependen do Ministerio de Fomento e son xestionados por cinco Autoridades Portuarias: Vigo, Marín, Vilagarcía, A Coruña e Ferrol-San Cibrao.

Con estes datos, tanto en canto á xestión directa como con relación aos portos xestionados polo Estado, o establecemento dun servizo público de draga que contase cunha embarcación dedicada a este cometido sería útil e economicamente rendible, pois aforraría os custos de continuas contratacións en todo o litoral galego e podería ademais conveniarse o seu uso para os portos xestionados hoxe polo Estado.

O interese xeral no establecemento do servizo e o investimento están plenamente xustificadas tendo en conta o carácter estratéxico do sector pesqueiro en particular e da actividade portuaria en xeral no noso País.

Por todo o anterior, o GP de En Marea presenta a seguinte PROPOSICIÓN NON DE LEI:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:



1. O establecemento do servizo público de dragado portuario e outros espazos do dominio público marítimo terrestre na Comunidade autónoma de Galicia.
2. A adquisición dunha embarcación de draga con esta finalidade.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputados do GP de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 20/02/2017 12:04:44

Paula Vázquez Verao na data 20/02/2017 12:04:53

Francisco Casal Vidal na data 20/02/2017 12:04:57



Juan José Merlo Lorenzo na data 20/02/2017 12:05:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2017 12:07
Nº Rexistro: 5390
Data envío: 20/02/2017 12:07:04.077



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.4 5521(10/PNP-000466)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a execución pola Xunta de Galicia, no ano 2017, das
obras do plan de regadío da comarca da Limia

Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017

A MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa dos seus deputados **Paula Quinteiro Araújo e David Rodríguez Estévez** e a través do seu voceiro, **Luis Villares Naveira**, o abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe acometer para a creación dunha rede de regadío na comarca de Xinzo de Limia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En 1996, instada pola Xunta de Galicia como requisito indispensable para acceder o proxecto de regadío, constituíronse as comunidades de regantes en A Limia.

Corno do Monte, Alta Limia, Lamas-Ganade e San Salvador de Sabucedo, legalmente constituídas e coa concesión da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, están á espera da execución das infraestruturas de regadío dende vai anos.

Estamos ante unhas das comarcas nas que temos que apostar polo sector agrícola e gandeiro como pilar fundamental, tanto a nivel económico, como social e cultural, polo que debemos de ser conscientes da importancia da estruturación e a modernización dos regadíos.

A pesar da intención por parte do colectivo agrícola de querer estruturar o sector, é a Xunta de Galicia a que non cumpre co seu compromiso de levar a cabo o plan de modernización dos regadíos, chegándose ó paradoxo de sancionar ós regantes con multas de elevados importes, que ano tras ano van en aumento.



O proxecto que conta con tres puntos de extracción de auga e por importe duns 27.000.000€, foi prometido polo actual presidente de a Xunta de Galicia, no ano 2015, e dende aquela solo se realizou un estudo/proxecto por importe duns 500.000€, algo que dende distintas organizacións de agricultores e gandeiros de a comarca de A Limia, lle parece disparatado.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a executar de forma inmediata neste ano 2017 as obras do plan de regadío da comarca de A Limia.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 22/02/2017 17:16:19

Paula Quinteiro Araújo na data 22/02/2017 17:16:34



Luis Villares Naveira na data 22/02/2017 17:16:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2017 17:18
Nº Rexistro: 5521
Data envío: 22/02/2017 17:18:52.012



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.5 5676(10/PNP-000481)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa oferta pública de emprego para o ano 2017

Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5676
Data envío: 24/02/2017 14:28:41.904



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Luís Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As leis anuais de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio veñen establecendo, con carácter básico para as Comunidades Autónomas, taxas máximas de reposición de persoal ao servizo do Sector Público.

As políticas que vén desenvolvendo o PP desde 2012 a través das leis orzamentarias teñen afectado gravemente a todas as administracións públicas, incluídas as comunidades autónomas e concellos, que se viron durante varios anos na obriga de conxelar as súas ofertas de emprego público e, consecuentemente, a reposición de todo o persoal que se xubila ou causa baixa definitiva por outras razóns nos servizos públicos. Así, entre xullo de 2011 e xullo de 2016, perdéronse 167.280 empregos na Administración Xeral do Estado, comunidades autónomas e corporacións locais.

Segundo os datos da Comisión Europea de 2012, España sitúase entre os dez países da Unión Europea con menor gasto en emprego público sobre o PIB (43,4 %), fronte a un 49,9 % de media na eurozona, e a bastante distancia das grandes economías europeas, como Francia (56,6 %), Alemaña (45 %), Reino Unido (48,5 %) ou Italia (50,7 %). Non obstante, unha das primeiras medidas que adoptou o Partido Popular como obxectivo en 2012 foi reducir este gasto ata situalo no entorno do 38 % durante os seguintes exercicios.

A esta caída na reposición de empregados dos servizos público únese o envellecemento dos cadros de persoal, situándose nunha taxa do 25 % o conxunto estatal de funcionarios que superan os 50 anos.

Esta redución progresiva de emprego nos servizos afecta ao conxunto de institucións públicas, de forma especial aos servizos públicos básicos de xustiza, sanidade, ensino, forzas e corpos de seguridade ou servizos sociais, pero tamén a servizos burocráticos que como facenda, inspección de traballo, seguridade social ou emprego son soporte esencial dun Estado Social e Democrático de Dereito.

 Grupo Parlamentario

Analizando as taxas de reposición establecidas de 2007 a 2015, durante sete anos por cada dez funcionarios que causaron baixa definitiva só ten entrado a traballar na Administración un.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En Galicia, os datos de evolución do emprego público dependente do sector público autonómico responden a esta tendencia de redución do servizo público. Segundo os últimos datos publicados pola propia Consellería de Facenda, o total de efectivos no segundo semestre de 2015 ascende a 86.499, fronte a 89.299 do segundo semestre de 2008, o que supón unha caída constante do 3,14 % do cadro autonómico de persoal (2.800 empregados públicos menos). Nunha falta de aposta clara pola investigación e a retención e captación de talento, os datos INE 2010-2015 recollen unha redución de persoal de I+D en Galicia de 420 efectivos en centros de investigación dependentes da Administración e de nada menos que de 1075 nos centros de ensino superior. Para tratar de paliar esta perda de emprego estable nos servizos públicos, os niveles de temporalidade se teñen disparado, incrementándose nun 50 % de 2011 a 2015 ao pasar de 10.000 a 15.000 contratos temporais, sendo estes niveis especialmente preocupantes na sanidade e nos centros sociais.

O artigo 12 Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, establece que durante o ano 2017 só se poderá proceder no sector público autonómico á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos na normativa básica que se estableza ao respecto, e en particular, no referente á taxa de reposición de efectivos.

O Grupo Parlamentario Socialista considera así da máxima urxencia tomar todas as medidas precisas que permitan recuperar as taxas de emprego público estable perdido e garantir a plena substitución dos empregados que se vaian xubilando ou causando baixa definitiva nos servizos públicos. Como dixemos, a estabilización e a óptima programación da reposición do emprego é garantía da calidade dos servizos públicos, asegura o correcto e normal funcionamento do noso Estado Social e Democrático de Dereito. Estamos diante un mandato constitucional.

Os datos de PIB de 2016 e as previsións de crecemento para 2017 han de permitir suprimir as taxas de reposición, posibilidade que vén anunciando tanto o Goberno central como o propio Sr. Núñez Feijoo, que ten anunciado unha posible oferta de 1.600 prazas sanitarias e preto de 1.000 no ámbito do ensino

 Grupo Parlamentario

non universitario para a oferta de emprego de 2017, aínda que en recentes declaracións a está agora a condicionar, sen fundamento suficiente, á aprobación dos orzamentos do Estado e polo tanto ameazando con conxelar as exposicións.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1ª) Adoptar con urxencia todas as medidas necesarias que permitan aprobar e poñer en marcha a oferta de emprego público de 2017.

2ª) Dirixirse ao Goberno central para ditar cantas medidas urxentes e, se proceder, extraordinarias, sexan precisas co fin de que a oferta de emprego público non estea sometida a ningunha taxa de reposición de efectivos.

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/02/2017 14:06:05

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/02/2017 14:06:18

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/02/2017 14:06:27

Julio Torrado Quintela na data 24/02/2017 14:06:32

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 24/02/2017 14:06:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/02/2017 14:06:54

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.6 5688(10/PNP-000484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación coa memoria histórica

Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:23
Nº Rexistro: 5688
Data envío: 27/02/2017 10:23:11.840

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. No pasado ano 2016 cumpríronse 80 anos do golpe de Estado militar contra o rexime democrático vixente no Estado español en xullo de 1936. Despois de transcorridas 8 décadas do inicio da represión -e 40 anos desde o final da Ditadura-, no Estado español segue pendente o desenvolvemento dunha política pública da memoria que faga posíbel exercer o dereito á Verdade, á Xustiza, á Reparación e de Garantías de non repetición. Esta realidade fica manifestamente demostrada no Informe que presentou o relator especial da ONU, Pablo de Greiff, no ano 2014.

2. O levantamento militar -e a Ditadura a que deu lugar- foi orixe dunha cruenta e brutal represión ao longo dos anos da guerra e durante todo o período franquista. Unha persecución, illamento e eliminación de persoas por razóns políticas que para moitos xuristas e investigadores ten as características dun xenocidio. A represión foi especialmente violenta nos anos da guerra e materializouse en Galiza no asasinato de máis de 5.000 persoas e noutras múltiples formas de violencia física: encarceramentos masivos, violacións, malleiras, rapado do cabelo, inxesta de aceite de ricino. Unha represión que se exerceu con caracteres especialmente violentos e machistas contra as mulleres, tanto por razóns políticas como de parentesco. Un proceso que hai que inserir nun marco xeral de

represión de xénero que convertiu a todas as mulleres en vítimas da perda de dereitos e de liberdades que se conquistaran na II República.

Nos anos da guerra e ao longo de toda a Ditadura franquista, a represión tivo outras múltiples manifestacións: depuración laboral, sancións económicas, expolio de bens, persecución ideolóxica, acoso psicolóxico, exclusión social, etc. A imposición violenta da ideoloxía, da moral, da educación e dos valores franquistas afectou a toda a sociedade e os seus efectos prolongáronse no tempo máis alá de 1975.

3. As institucións públicas deben ter un posicionamento claro de condena do golpe de Estado do 36, da ditadura franquista e da brutal represión que sufriron miles de galegos e galegas ao longo dese terribel período histórico. Esta condena debe ir acompañada do compromiso cos valores democráticos e a defensa dos dereitos humanos, nomeadamente o dereito á verdade, á xustiza, á reparación e de garantías de non repetición. No caso do Parlamento e do goberno galego, existe ademais unha obriga clara a este respecto porque moitos dirixentes políticos republicanos e galeguistas que loitaron polo autogoberno e polo Estatuto foron obxecto de represión e persecución en forma de asasinato, cárcere, exilio, depuración e outras múltiples formas de violencia.

3. O exercicio da memoria histórica, o coñecemento da verdade, a xustiza, a reparación e rehabilitación das persoas perseguidas polo fascismo, son dereitos humanos fundamentais que temos como sociedade e obrigas que adquirimos coas vítimas e as súas familias. Entre estas obrigas, non se pode adiar a da reparación de todas as persoas que foron xulgadas e condenadas por tribunais ilegais, impostos polos militares que se levantaron en armas contra un rexime democrático e un goberno elixido nas urnas.

4. Nas últimas décadas as institucións e a sociedade organizada deron pasos no desenvolvemento de políticas de memoria en Galiza. Cabe salientar a este respecto as iniciativas desenvolvidas polo goberno galego no período 2005-2009 como a programación

2006 Ano da Memoria, a creación do Consello da Memoria de Galiza, a declaración da Illa de San Simón como Illa da Memoria, o proxecto de investigación interuniversitario Nomes e Voces, o convenio sobre exhumacións, o programa Mulleres con memoria, as convocatorias de axudas para asociacións, investigadores/as e para o ámbito artístico, a organización de congresos, xornadas, exposicións, etc.

A partir do ano 2009, coa chegada do PP ao goberno galego, estas iniciativas foron eliminadas ou marxinadas. No caso do proxecto Nomes e Voces, reduciuse o apoio económico até tal punto que levou ao peche do programa de investigación e ao seu mantimento unicamente como web grazas a outras axudas. Na Illa de San Simón elimináronse case todos os contidos relacionados coa recuperación da memoria histórica e desapareceron as actividades que lle daban sentido á Illa da Memoria. Na actualidade só se desenvolve un acto anual que é organizado pola Iniciativa Galega da Memoria.

5. A inexistencia de políticas públicas de memoria por parte das institucións galegas supón a conculcación de dereitos humanos universalmente recoñecidos e un obstáculo para a construción dunha sociedade verdadeiramente democrática. E máis alá destes feitos, constitúe unha afrenta e un agravio para a memoria das vítimas e das súas familias.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta ao goberno galego a

1. Desenvolver unha **Política pública sobre a memoria histórica** fundamentada na defensa dos dereitos humanos, e especificamente do dereito á Verdade, á Xustiza, á

Reparación e ás Garantías de non repetición. Esta política pública terá carácter transversal e dependerá organicamente da Presidencia ou da Vicepresidencia da Xunta de Galiza.

2. Elaboración -mediante un amplo proceso de participación social- e aprobación dunha **Lei galega da memoria histórica** que amplíe os dereitos recoñecidos pola lexislación estatal.

3. Para garantir o **dereito á Verdade**, o goberno galego promoverá unha **Comisión da Verdade** independente, plural e de carácter oficial que permita coñecer todas as formas de represión e todos os tipos de vítimas galegas do franquismo, entendidas estas en sentido amplo e durante o período 1936-1977. Paralelamente á Comisión da Verdade, creárase unha **Oficina de Atención ás Vítimas e ás súas familias**.

Como apoio á comisión da verdade, dotárase dos medios económicos, humanos e materiais necesarios o proxecto interuniversitario de investigación **Nomes e Voces**, e creárase o **Arquivo da Memoria Histórica de Galiza**, como centro público para a investigación, a documentación e a divulgación da memoria da represión franquista e da loita pola democracia e a liberdade.

Para favorecer os traballos de investigación e de coñecemento da verdade, adoptaranse as medidas legais e disporanse os medios necesarios para facilitar o acceso ás fontes escritas, e nomeadamente aos arquivos oficiais. Neste sentido, instárase a desclasificación de fondos documentais que na actualidade non son accesíbeis, e demandárase unha política estatal e unha lexislación de arquivos que revise os criterios aplicábeis en materia de privacidade e de confidencialidade, de conformidade cos estándares internacionais e garantindo o dereito á verdade.

Paralelamente, promoverase e priorizarase o estudo, investigación e rexistro da memoria oral, pola súa importancia para o coñecemento da verdade e porque por razóns

cronolóxicas xa estamos nun momento límite para acceder a testemuñas directas dos feitos obxecto de investigación.

Asemade, o goberno galego prestará apoio á conservación e divulgación de arquivos de partidos, sindicatos, fundacións e outras entidades que conserven fondos relacionados co período 1936-1977.

Con relacións ás persoas desaparecidas, o goberno galego retomará o convenio co Instituto de Medicina Legal de Galiza para a exhumación das vítimas da represión franquista, en colaboración coas asociacións e as familias. Neste sentido, as actuacións realizaranse dacordo cun protocolo técnico forense e previa información á autoridade xudicial. As investigacións e labores relacionados coa exhumación formarán parte do ámbito de actuación da Comisión da Verdade e contarán co apoio, asesoramento e participación do proxecto Nomes e Voces.

En relación coas causas da morte das persoas vítimas de represión, a Comisión da Verdade e o Arquivo Público da Memoria velarán porque se faga constar a verdadeira causa da morte, mais alá da que figure no certificado médico ou no rexistro civil. Neste sentido, promoveranse as reformas legais necesarias para que nas inscricións rexistrais de falecemento se engada a referencia ás circunstancias da morte.

3. En relación co **dereito á Xustiza**, o goberno galego desenvolverá as seguintes actuacións:

a) Instar ao goberno do Estado a derogación da lei 46/1977 (Lei de amnistía) por ser o principal obstáculo para a apertura de investigacións e procedementos penais sobre violacións graves dos dereitos humanos e do dereito humanitario. Esta derogación xustifícase pola incompatibilidade dos efectos da lei de amnistía coas obrigas internacionais adquiridas polo estado español, nomeadamente o Pacto Internacional de

Dereitos Cívís e Políticos, ratificado o 27 de abril de 1977, isto é, antes da entrada en vigor da Lei de Amnistía.

Ademais dos estándares internacionais que establecen a imprescritibilidade dos delitos de lesa humanidade, nos casos de desaparición forzada seguirase o criterio do dereito internacional que establece que os prazos de prescripción deben contarse a partir do momento en que cesa a desaparición forzada, é dicir, desde que a persoa aparece con vida ou aparecen os seus restos.

b) Instar ao goberno do Estado a revisión das reformas da lei orgánica 6/1985, de 2009 e 2014, que limitan significativamente a posibilidade de que os xulgados españois poidan exercer a súa xurisdicción sobre crimes internacionais graves, como o xenocidio, os crimes de lesa humanidade e os crimes de guerra.

c) Instar ao goberno do Estado a que tipifique como delito a apoloxía ou calquera forma de exhaltación ou propaganda do golpe militar e da Ditadura franquista. E que se prohiban as entidades que realicen actividades de exhaltación franquista.

4. En relación co **dereito á reparación**, o goberno galego desenvolverá as seguintes iniciativas

a) Instar ao goberno do Estado a reforma da Lei Orgánica do Estatuto da Vítima do Delito para incluír nela as vítimas da represión franquista.

b) Desenvolver un marco normativo galego que inclúa:

- a reparación a todas as vítimas non incluídas na lexislación vixente, especialmente persoas privadas de liberdade baixo reximes particulares, en campos de concentración e de traballos forzados, así como persoas detidas en aplicación da lei sobre vagos e maleantes de 1933;

- a reparación das persoas sometidas a sancións laborais, económicas e de incautacións de bens;

- a reparacións ás mulleres vítimas de delitos sexistas e machistas como violacións e vexacións.

c) Instar ao goberno do Estado a anulación de sentenzas de tribunais creados durante a guerra civil e o franquismo e ditadas por motivos políticos, ideolóxicos ou de crenzas. Esta anulación permite superar o marco legal actual, fixado na Lei 52/2007 de Memoria histórica, que establece o carácter “radicalmente inxusto” e a ilexitimidade das condenas e sancións ditadas polas xurisdicións especiais durante a guerra civil e por calquera órgano penal ou administrativo durante a Ditadura.

d) Instar ao goberno do Estado á modificación da Lei 52/2007 de Memoria histórica a respecto das Declaracións de reparación e recoñecemento persoal, por non constituír unha reparación axeitada. Esta modificación debe facerse no sentido do recoñecemento dos feitos e responsabilidades e a presentación de desculpas oficiais que vaian máis alá dun recoñecemento xenérico.

5. Con respecto á **garantía de non repetición**, o goberno galego porá en marcha as seguintes medidas:

a) Elaboración dunha relación de símbolos e monumentos conmemorativos de exaltación do golpe de estado, a violencia e a Ditadura franquista, coa finalidade de promover a súa eliminación.

b) Promover, en colaboración con outras institucións, a anulación de honores, distincións e recoñecementos a persoas vencelladas coa represión franquista e coa Ditadura.

c) Elaboración, en colaboración con outras administracións e co movemento asociativo memorialístico, dun mapa da memoria e sinalización dos lugares da represión, da resistencia e da solidariedade.

d) Desenvolvemento de programacións escolares de educación en dereitos humanos que inclúan o estudo do golpe de estado, da represión e da Ditadura franquista.

e) Promoción da formación dos funcionarios públicos, especialmente do poder xudicial, en materia de dereitos humanos incidindo na responsabilidade do poder xudicial, particularmente as xurisdicións especiais, despois do golpe de Estado de 1936 e durante a Ditadura franquista.

6. Polo seu significado e o seu simbolismo, **declaración da Illa de San Simón como Illa da Memoria** e espazo central da memoria histórica democrática e da loita pola liberdade en Galiza. En consonancia con esta función simbólica e referencial, desenvolveranse as seguintes liñas de actuación:

- Promoción da Illa como espazo para a realización de actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica, a represión, a resistencia e a solidariedade. Promoveranse especialmente as actividades destinadas ao público escolar e as visitas organizadas polas asociacións memorialistas. Nas visitas de carácter turístico farase referencia ampla á etapa histórica na que a illa foi lugar de represión, de cárcere e asasinato. Paralelamente, restrinxiranse as actividades que poidan ser consideradas ofensivas ou agresivas para a memoria das vítimas.

- Conservación e potenciación da sinalética, dos espazos expositivos e das expresións artísticas relacionadas coa historia da illa como lugar de represión, de resistencia e de solidariedade.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:23
Nº Rexistro: 5688
Data envío: 27/02/2017 10:23:11.840

- Desenvolvemento do **Memorial de San Simón** coa dixitalización e divulgación de todo o material actualmente disperso sobre a historia do presidio, as persoas alí recluídas e as que foron sacadas da illa para seren asasinadas.

- Desenvolvemento na Illa dun programa anual de actividades relacionadas coa represión, a resistencia e a solidariedade, e colaboración coas asociacións memorialistas na organización da Homenaxe Nacional ás Vítimas do Franquismo.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2017 10:21:19

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2017 10:21:26



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:23
Nº Rexistro: 5688
Data envío: 27/02/2017 10:23:11.840

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2017 10:21:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2017 10:21:34

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2017 10:21:38

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2017 10:21:40

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.7 5818(10/PNP-000496)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema Nacional de Saúde, a convocatoria dunha OPE no ano 2017, así como o establecemento dun plan plurianual de contratación na sanidade pública

Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 13:06
Nº Rexistro: 5818
Data envío: 28/02/2017 13:06:03.321



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O 14 de setembro de 2016, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) emitiu unha sentenza pola que considera que a concatenación indefinida de contratos temporais no sector sanitario público de España é contraria ao dereito comunitario. Galicia non é allea a este problema, e xa existe xurisprudencia ao respecto, anterior incluso á resolución do TXUE que falla a favor de traballadores e traballadoras que reclaman a condición estrutural do posto de traballo que ocupan eventualmente. En abril do 2016, o TSXG emitiu unha sentenza que resolvía así a reclamación de traballadores e traballadoras da sanidade galega que ocuparon postos de traballo de maneira eventual continuada durante anos, sinalando que este modo de contratación trataba de ocultar por esa vía fraudulenta, unha contratación indefinida de persoal.

Esta situación non fai máis que pon de relevo a precarización do emprego sanitario en Galicia e no conxunto de España, como consecuencia dos recortes en financiamento e diversas medidas de conxelación do emprego público estable incluídas nas Leis de acompañamento dos orzamentos.

Todo elo ten impedido a correcta reposición e empregadas e empregados públicos que se xubilan. Dita precarización de emprego público ten diversas consecuencias. Dende logo a calidade do emprego é menor para os traballadores e traballadoras, que ven como o seu traballo se trocea en múltiples contratos por horas para tarefas que son permanentes pola súa natureza. Pero dende logo tamén ten consecuencias sobre a calidade de asistencia ás e aos pacientes debido á enorme rotación e discontinuidade dos e das profesionais nos postos de traballo, falta de motivación, de

destrezas axeitadas para postos que requiren experiencia e habilidades específicas, ademais do coñecemento do medio e os instrumentos do traballo. Todo el resta eficacia ao desempeño do empregado e empregada, xerando a corto e medio prazo un maior custo para o sistema xa que o funcionamento colectivo do sistema resíntese por elo. Hai que ter en conta, ademais, os perigos da incerteza e inseguridade das condicións de traballo, que provocan maiores tensións e inxedanzas nos profesionais, e que sumadas aos sobreesforzos realizados pola reducida presenza de máis persoal contribúe a abrir as portas de enfermidades laborais como estrés ou burnout.

Esta situación ten sido xa denunciada polas organizacións sindicais e colexiais españolas en múltiples ocasións. Así, a Organización Médica Colexial española calcula que solo un de cada dous médicos/médicas do Sistema Nacional de Saúde dispón de un contrato de carácter estable e, dos que non o teñen, máis do 40 % traballan en situación de precariedade. Entre os médicos/médica que traballan sen contrato indefinido, a media é de 7 contratos por ano. A situación é similar entre as e os profesionais de enfermería e de outras profesións sanitarias.

A enorme e disparatada concatenación de contratos temporais denunciada polas organizacións sindicais non é senón o reflexo dunha gran bolsa de contratos eventuais estruturais, é dicir prazas de natureza permanente que non dispoñen de praza estrutural recoñecida (prazas sen código). Por elo non basta coa simple reposición de praza recoñecidas, xa limitada ao longo dos últimos anos de goberno do PP polas taxas de reposición impostas ás comunidades autónomas, que chegou a estar apenas no 10 % nas OPE ata 2015, senón que requiren dun esforzo de recoñecemento de prazas estruturais que solo os servizos autonómicos de saúde poden realizar en función da súa propia planificación e organización dos servizos asistenciais.

Recentemente, na primeira metade do mes de febreiro, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia anunciou unha OPE de 820 prazas que, no caso de que desaparecera a taxa de reposición tal e como demandan os colectivos sindicais, se duplicaría. Non entanto, o presidente da Xunta de Galicia anunciou en Pleno o 23 de febreiro a condición imposta de que foran aprobados os orzamentos estatais para dar vía libre a esa OPE

autónomica. Tal vinculación supón un condicionante impropio para unha situación político-laboral como a existente e un chantaxe inaceptable, pois o escenario para a sanidade galega non precisa e ser utilizado como arma para negociacións doura índole.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Instar ao Goberno de España a eliminar do ordenamento legal as restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema Nacional de Saúde cando estas afecten a postos de traballo de carácter estable.
2. Coa eliminación da taxa de reposición, convocar unha OPE no ano 2017 que chegue ás 1600 prazas inicialmente anunciadas.
3. Establecer un plan plurianual de contratación estable que palíe o problema de déficit e precarización do emprego na sanidade pública, co compromiso de abrir durante os anos 2018 a 2020 OPEs de 1750 prazas/ano.

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/02/2017 12:57:07

Noela Blanco Rodríguez na data 28/02/2017 12:57:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 13:06
Nº Rexistro: 5818
Data envío: 28/02/2017 13:06:03.321



 **Grupo Parlamentario**

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/02/2017 12:57:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.8 6054(10/PNP-000521)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 13 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa negociación coa Fegamp duns criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas, así como o establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia para a xestión da auga (Procedemento de urxencia)

*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 79,
08.03.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2017 13:25
Nº Rexistro: 6054
Data envío: 03/03/2017 13:25:29.484

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Gonzalo Trénor López, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Nóvoa Iglesias, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Diego Calvo Pouso, Julia Rodríguez Barreira, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz, María Antón Vilasánchez, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo tramite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

No ano 2010, o Parlamento de Galicia aprobou, trala súa remisión como proxecto por parte da Xunta, a Lei 9/2010 de augas de Galicia.

Esta Lei ten como obxectivos fundamentais a ordenación das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia e dos entes locais galegos en materia de auga e obras hidráulicas; a ordenación do ciclo integral da auga de uso urbano e o establecemento das bases para unha xestión eficiente dos servizos de abastecemento, de saneamento e de depuración así como o establecemento do réxime económico-financeiro da auga en Galicia co obxectivo de preservar, protexer e mellorar o recurso e o medio hídrico.

A Lei ordena a determinación do reparto competencial entre as administracións autonómica e local establecendo un marco normativo, respectando á lexislación básica en materia de réxime local e o principio de autonomía local, que regula o importante

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2017 13:25
Nº Rexistro: 6054
Data envío: 03/03/2017 13:25:29.484

papel que a administración autonómica desenvolve nesta materia dende xa fai décadas.

Os distintos regulamentos de desenvolvemento da Lei de Augas fixeron fincapé nesa colaboración e coordinación entre Xunta e concellos. En particular, así foi reflectido no Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia e no Decreto 59/2013, do 14 de marzo, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas.

Tamén no 2013, asinouse un Protocolo de Colaboración e Desenvolvemento do Pacto Local para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga, en desenvolvemento do cal creouse unha Comisión Institucional de seguimento que avanzou nos traballos para a consecución das medidas e obxectivos fixados neste protocolo e impulsou a realización de xornadas e cursos para a formación dos técnicos municipais en materia de xestión de infraestruturas hidráulicas, conseguindo que o Pacto sexa tamén unha ferramenta de comunicación, un espazo para o traballo colaborativo e o diálogo, que serve para a reflexión e a análise que tan imprescindible é para o avance nunha materia tan complexa como esta da que tratamos.

Porén, có comezo desta nova lexislatura, a Conselleira do Medio Ambiente e o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias teñen amosado a súa vontade de avanzar no desenvolvemento das medidas prioritarias incluídas neste pacto.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2017 13:25
Nº Rexistro: 6054
Data envío: 03/03/2017 13:25:29.484

A este compromiso entre administracións, o Grupo Parlamentario Popular considera que é fundamental que se una un acordo político que reforce e dea soporte e impulso á negociación entre estas entidades para dar prioridade á atención á política de xestión da auga.

É por iso que o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dar prioridade á negociación coa Federación Galega de Municipios e Provincias co obxecto de acordar, no próximo ano, e en desenvolvemento dos obxectivos do Protocolo de Colaboración e Desenvolvemento do Pacto Local para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga os seguintes obxectivos:

- A determinación duns criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas.
- O establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia”.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/03/2017 13:22:30

Gonzalo Trenor López na data 03/03/2017 13:22:43

Martín Fernández Prado na data 03/03/2017 13:22:51

Jaime Castiñeira Broz na data 03/03/2017 13:23:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2017 13:25
Nº Rexistro: 6054
Data envío: 03/03/2017 13:25:29.484

Marta Novoa Iglesias na data 03/03/2017 13:23:08

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 03/03/2017 13:23:15

Diego Calvo Pouso na data 03/03/2017 13:23:25

María Julia Rodríguez Barreira na data 03/03/2017 13:23:34

Antonio Mouriño Villar na data 03/03/2017 13:23:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/03/2017 13:23:51

Maria Antón Vilasánchez na data 03/03/2017 13:23:59

Raquel Arias Rodríguez na data 03/03/2017 13:24:08

Silvestre Balseiros Guinarte na data 03/03/2017 13:24:15

Moisés Blanco Paradelo na data 03/03/2017 13:24:23

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/03/2017 13:24:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 1215(10/INT-000040)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa
situación económica e social da mocidade

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1215
Data envío: 15/11/2016 18:44:43.080



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

As políticas do Goberno de Feijoo supuxeron para a xeración mellor formada da nosa historia, a marcha de milleiros de mozos e mozas máis aló das nosas fronteiras, convertendo de novo a Galicia nun país de emigrantes. A emigración non soamente supón un drama social, senón tamén un lastre económico, pois a meirande parte dos que abandonaron Galicia nos derradeiros anos posúen unha alta cualificación académica e profesional, polo que a consecuencia desta situación é a perda de recursos humanos nos que as administracións públicas levan invertido millóns de euros en formación; investimento que non reverterá na nosa sociedade nin no noso sistema económico pola fuga de talentos.

O drama da emigración, motivada por non atopar emprego estable e de calidade, xunto coas elevadas taxas de desemprego xuvenil, un 37,6 % segundo os datos da EPA do terceiro trimestre de 2016, fan que a situación da mocidade galega sexa claramente preocupante.

O elevado paro xuvenil é un lastre que non ten precedentes na nosa economía, un problema gravísimo a curto prazo e crítico a medio e longo prazo, que conxela a evolución vital dunha xeración e pon en tela de xuízo o benestar social, económico, e demográfico do noso país.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego da situación económica e social da mocidade galega?
2. Segundo a Xunta de Galicia, que repercusión social, económica e demográfica está tendo en Galicia a emigración de milleiros de mozos e mozas?
3. Como vai o Goberno galego a favorecer o retorno dos mozos e mozas que tiveron que emigrar?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. Que medidas ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia, durante esta lexislatura, para favorecer a creación de emprego estable e de calidade entre a mocidade da nosa Comunidade Autónoma?
5. No caso de que durante a X lexislatura o Goberno galego teña previsto a implantación de programas para a creación de emprego estable e de calidade entre a mocidade, cal é o cronograma dos mesmos?

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/11/2016 18:31:57

Julio Torrado Quintela na data 15/11/2016 18:32:04

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 2374(10/INT-000091)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa
distribución da renda salarial

Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

A Organización Internacional del Trabajo (OIT) vén de facer público un informe sobre a desigualdade salarial no mundo que inclúe datos sobre o que acontece en España.

A OIT denuncia no último Informe Mundial sobre Salarios 2016/2017 a enorme desigualdade salarial que afecta a tódolos países, incluído o Estado español.

Unha das fórmulas de medir a desigualdade que utiliza o informe é a de analizar como se distribúe a masa salarial do país entre os diferentes grupos de persoas asalariadas distribuídas por deciles de ingresos.

A OIT chama a atención da elevada desigualdade salarial porque o 10% das persoas con maiores ingresos concentra unha elevada parte dos ingresos totais mentres que o 10% das persoas peor remuneradas teñen unha participación moi reducida na distribución da masa salarial.

Os datos do decil salarial da Enquisa de Poboación Activa elaborada polo INE permite trasladar esta metodoloxía de análise á realidade do mercado de traballo en Galicia.

Cos datos do 2015 –que é o ano de referencia que utiliza o OIT- a distribución da masa salarial en Galicia ten un elevado grado de desigualdade, que se manifesta no seguinte dato: o 8% das persoas asalariadas mellor retribuídas concentran o 20% do total da masa salarial mentres que o 10% que ten as retribucións máis



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2016 16:54
Nº Rexistro: 2374
Data envío: 19/12/2016 16:54:07.682



baixas só reciben o 2% da masa salarial total. Isto é, o 7% con máis ingresos cobra 10 veces máis que o 10% con menos ingresos.

Unha desigualdade extrema ao utilizar os deciles 1 e 10 pero que se estende no conxunto da escala salarial, en especial nos seus tramos inferiores e superiores.

Así, o 17% das persoas asalariadas que están nos tramos altos acaparan o 36% da renda salarial total mentres que o 20% que están nos deciles 1 e 2 apenas chegan ao 7% da masa salarial total.

A OIT no seu informe denuncia as carencias da desigualdade tanto en termos da calidade da vida das persoas como dos seus efectos na economía.

Por todo elo, presentase a seguinte Interpelación:

-Ten a Xunta de Galicia algunha estratexia para corrixir a desigualdade salarial logrando unha distribución mais xusta e eficiente da renda salarial?

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2016.

Asdo.: Manuel Lago Peñas.

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2016 16:54
Nº Rexistro: 2374
Data envío: 19/12/2016 16:54:07.682



José Manuel Lago Peñas na data 19/12/2016 16:47:53

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

- 4.3 5106(10/INT-000192)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a xestión da saúde mental
Publicación da iniciativa, 71, 22.02.2017

A MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a **seguinte Interpelación, relativa aos acontecementos na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital de Conxo.**

Diferentes colectivos como o Movemento Galego de Saúde Mental, levan xa varios anos denunciando o deterioro progresivo da atención á saúde mental en Galicia, que ten como causas máis destacadas os recortes sanitarios e as formas de xestión sen planificación e sen participación das profesionais sanitarias da Sanidade Pública que prestan servizo nas unidades asistenciais.

Os acontecementos na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital de Conxo, evidencian a repercusión dos recortes denunciados. O suicidio dunha paciente e a denuncia de agresión sexual por parte doutra paciente, ingresadas as dúas na mesma Unidade, debe entenderse no marco do deterioro na calidade do servizos debido aos recortes.

Na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica de Conxo, foron varias as denuncias públicas dende diferentes instancias pola escasa dotación desa Unidade, cunha frecuente retirada do persoal de Enfermería da mesma para cubrir necesidades doutros servizos do Hospital, a escasa actividade dos pacientes ingresados, a carencia de Terapeuta Ocupacional ou a falta de coordinación e elaboración de plans terapéuticos coa participación e coordinación das profesionais sanitarias.

Sen embargo, a pesares de todas as denuncias en materia de recortes e escasa dotación de medios, por parte da Administración e a dirección encargada da



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5106
Data envío: 13/02/2017 18:47:02.447



xestión, nada se fixo para corrixir as eivas que colectivos e profesionais denuncian.

Ante esta situación En Marea interpela para coñecer:

- Cales son as medidas inmediatas que pensa levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a repetición de acontecementos de igual ou similar índole?
- Ten a Xunta de Galicia elaborado informe sobre a situación de medios e recursos nas Unidades de Psiquiatría?
- Van a ser escoitadas e tidas en conta pola Xunta as demandas e advertencias dos colectivos e profesionais en relación a esta materia?
- Pensan dotar de persoal suficiente, así como de profesionais de enfermería especializadas esas Unidades?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 13/02/2017 18:46:02

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 6504(10/POPX-000022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en
relación coa compañías eléctricas



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 13:24
Nº Rexistro: 6504
Data envío: 13/03/2017 13:24:36.083

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

“Ten previsto deixar de defender os privilexios das eléctricas?”

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2017 13:24:07

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 6520(10/POPX-000023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a actuación que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa oferta pública de emprego do ensino para o ano 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 18:12
Nº Rexistro: 6520
Data envío: 13/03/2017 18:12:07.966



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, que ten previsto facer a Xunta de Galicia coa oferta pública de emprego de educación para o ano 2017?

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2017

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/03/2017 16:58:44

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 6524(10/POPX-000024)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos mecanismos de financiamento adicional utilizados nos últimos anos

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Que valoración fai o Goberno galego dos mecanismos de financiación adicional utilizados no últimos anos?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 13/03/2017 16:59:23

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 6507(10/PUP-000066)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as afirmacións realizadas en relación coas mulleres no discurso institucional do alcalde de Noia con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 16:42
Nº Rexistro: 6507
Data envío: 13/03/2017 16:42:36.692

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, relativa ás accións do goberno galego en relación coas declaracións do alcalde de Noia no Día Internacional da Muller

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola indignación social que causaron as declaracións misóxinas do alcalde de Noia nun acto institucional con motivo do Día Internacional das Mulleres (8 de marzo) e a gravidade das mesmas.

Exposición de motivos

Van xa máis de dez anos desde que o 8 de marzo se foi consolidando como unha data na que desde múltiples ámbitos se reivindica e simboliza a loita incansábel das mulleres do mundo na defensa dos seus dereitos laborais e a defensa da igualdade.

Neste marzo de 2017 a realidade continúa a evidenciar que a crise agravou



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 16:42
Nº Rexistro: 6507
Data envío: 13/03/2017 16:42:36.692

a situación de desigualdade e precariedade das mulleres. Diante do discurso falaz da igualdade conseguida diferentes estudos, informes e enquisas recollen datos sobre a crecente situación de precariedade laboral e traballo vulnerábel que viven as mulleres galegas ademais da permanencia dunha fenda salarial só recortada pola baixada salarial que experimentaron os homes.

Á hora de camiñar a prol da igualdade e de valorizar o papel da muller na sociedade cumpren un papel fundamental as institucións e as representantes públicas, das que cabe agardar o emprego de linguaxe non sexista así como dun discurso respectuoso cara todas as mulleres.

O pasado 8 de marzo o alcalde de Noia, o señor Santiago Freire, incluíu no discurso institucional arredor do Día Internacional da Muller unha serie de valoracións pexorativas e discriminatorias para todas as mulleres. Deste xeito, afirmou literalmente “a muller é capaz de tocar as narices sen acercarse” e asegurou que “son moitas as dificultades fisiolóxicas que ten (a muller) con respecto ao home que en ocasións fai que ese traballo que teñen que facer de forza física se lle complique”.

Desde o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego observamos con preocupación o coñecemento destas declaracións públicas denigrantes e polo tanto presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, polo trámite de urxencia:

Considera o Goberno galego que un alcalde, como é o caso do alcalde de Noia, pode seguir no seu cargo despois de facer unhas declaracións



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 16:42
Nº Rexistro: 6507
Data envío: 13/03/2017 16:42:36.692

noxentamente machistas que atentan contra a igualdade e dignidade das mulleres?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2017 16:41:42

Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2017 16:41:47

María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2017 16:41:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/03/2017 16:41:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 16:42
Nº Rexistro: 6507
Data envío: 13/03/2017 16:42:36.692

Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2017 16:41:59

Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2017 16:42:02

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 6008(10/POP-000785)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa vertedura de residuos que se está a levar a cabo na parcela, protexida pola Rede Natura 2000, do conxunto granítico emblemático denominado "O con do paxaro", no espazo dunar da praia da Lanzada, con motivo da execución das obras de mellora da estrada PO-308

Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017

Á MESA DO PARALMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Estanse a executar as obras de mellora da estrada PO-308 dende a rotonda de acceso á vía do Salnés ata o lugar de Soutullo. Un tramo de 2,77 Km. adxudicado á empresa “Taboada y Ramos” por un total de 2,4 millóns de euros. Esta é a primeira fase dun proxecto de seguranza viaria moito máis amplo que debería continuar ao longo de toda a mencionada estrada.

Falamos dunha zona altamente concorrida nos meses do verán, que soporta unha gran cantidade de tráfico e peóns que acoden aos areais e a visitar os lugares de interese turístico, así como os distintos establecementos hoteleiros, cámpings ou de restauración e ocio. Unha vía con enormes carencias en seguranza viaria.

A veciñanza da zona afectada está poñendo a voz de alarma sobre a execución das obras. Estanse a verter escombros e remover as dunas nunha parcela chamada “Con do paxaro” que está protexida, entre outras figuras, pola Rede Natura, e que a empresa construtora está a utilizar como simple vertedoiro. Esta parcela, pertencente á comunidade de montes de Noalla, é un lugar de grande carácter simbólico. Alí se atopa o Con coa figura do Cormorán na cima. O espazo do que falamos, ademais de parte do complexo granítico é unha zona que precisa da protección e os plans de recuperación axeitados como parte da Rede Natura 2000.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 18:12
Nº Rexistro: 6008
Data envío: 02/03/2017 18:12:16.838



A situación fai que os veciños e veciñas estean a solicitar a catalogación do conxunto granítico e a paraxe do Cormorán en Patrimonio para así poder protexer de agresións medioambientais e, sobre todo, de intereses especulativos este importante entorno de enorme valor ambiental, patrimonial, cultural e paisaxístico, nunha zona onde o turismo é o seu principal sector estratéxico.

Teñamos en conta que falamos do espazo dunar da famosa praia da Lanzada protexido por Costas e pola Rede Natura 2000, de gran valor emblemático e cultural. Un conxunto granítico hábitat de especies protexidas como as luciérnagas, que se ía recuperar na III fase de rexeneración da Lanzada, un proxecto este que ademais supoñía unha mellora nos accesos e a seguridade vial do colexio público Noalla-Telleiro.

Por todo o anteriormente exposto, formulamos a seguinte pregunta:

Que actuacións ten previsto realizar o goberno en relación con esta parcela protexida pola Rede Natura 2000 e o conxunto granítico emblemático do “Con do paxaro”?

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Marcos Cal Ogando na data 02/03/2017 18:09:33

Antón Sánchez García na data 02/03/2017 18:09:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 18:12
Nº Rexistro: 6008
Data envío: 02/03/2017 18:12:16.838



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 2656(10/POP-000248)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre o proceso de adaptación tecnolóxica que debe levar a cabo o Concello de Vigo para a incorporación do transporte urbano no Plan de transporte metropolitano

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 16:53
Nº Rexistro: 2656
Data envío: 27/12/2016 16:53:33.624

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Nóvoa Iglesias, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Silvestre J. Balseiros Guinarte, Julia Rodríguez Barreira e Antonio Mouriño Villar, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a **seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En abril de 2015 botaba a andar o Plan de Transporte Metropolitano na área de Vigo, e facíao cos 12 concellos que subscribiron o convenio coa Xunta: Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, Redondela, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Pazos de Borbén.

Desde entón, nestes municipios véñense aplicando as vantaxes que establece o Plan de Transporte Metropolitano, cun sistema de tarifas máis sinxelo que recolle bonificacións substanciais que supoñen aforros económicos de arredor de 600 euros anuais no caso dos usuarios frecuentes.

Nese momento, por vontade propia, o Concello de Vigo non se adheriu ao Plan de Transporte Metropolitano. Decidiu sumarse meses despois, en xullo deste mesmo ano, cando asinou o convenio de adhesión seguindo o exemplo doutros 12 concellos da área que xa estaban incorporados.

Trátase, sen dúbida, dunha decisión importante para todos os veciños de Vigo e da súa área, dado que a incorporación de Vigo lle permite aos usuarios disfrutar de forma completa das vantaxes que ofrece o Plan de Transporte Metropolitano, co incremento dos aforros medios ao dispoñer os usuarios de transporte urbano gratuito no caso de que, antes ou despois, utilicen o transporte interurbano para os seus desprazamentos.

Pese a que o Concello de Vigo asinou o convenio de adhesión o pasado 6 de xullo a súa incorporación ao Plan de Transporte Metropolitano aínda non se fixo efectiva, xa que o Concello aínda non levou a cabo as adaptacións tecnolóxicas necesarias para a incorporación do transporte urbano, Vitrasa, ao Plan de Transporte Metropolitano, compromiso escrito que adquiriu persoalmente o alcalde de Vigo co resto dos alcaldes da área metropolitana.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 16:53
Nº Rexistro: 2656
Data envío: 27/12/2016 16:53:33.624

Por todo o exposto, e dada a importancia que ten para todos os usuarios da área que o Concello de Vigo materialice, canto antes, a súa incorporación ao Plan de Transporte Metropolitano, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Ten constancia a Xunta de Galicia de como marcha o proceso de adaptación tecnolóxica que debe realizar o Concello de Vigo para a incorporación efectiva do transporte urbano no Plan de Transporte Metropolitano?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 27/12/2016 16:42:04

Jaime Castiñeira Broz na data 27/12/2016 16:42:14

Marta Novoa Iglesias na data 27/12/2016 16:42:22

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/12/2016 16:42:30

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/12/2016 16:42:38

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/12/2016 16:42:45

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2016 16:42:54

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.4 6486(10/PUP-000065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 5 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a posta en funcionamento do porto seco de Monforte de Lemos



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 10:57
Nº Rexistro: 6486
Data envío: 13/03/2017 10:57:39.048



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz, María Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez, Abel Fermín Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola preocupación e o desconcerto que hai en relación coa posta en funcionamento do porto seco de Monforte de Lemos, dada a importancia estratéxica que ten para a nosa Comunidade autónoma.

As directrices de ordenación do territorio (Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, aprobación definitiva. DOG. núm. 36 do 26.11.2011) citan a Monforte de Lemos como sistema urbano intermedio da comunidade autónoma de Galicia, con 4 estratexias fundamentais:

1. Impulsos de iniciativas de cooperación entre concellos
2. Fortalecemento da base produtiva
3. Aumento do atractivo urbano
4. Articulación da malla viaria mediante a consolidación e mellora dos eixos de acceso ao territorio

No caso particular de Monforte de Lemos cita o seguinte:

*Monforte ten un enclave estratéxico na **rede ferroviaria** de Galicia, sobre todo no que se refire a transporte de mercadorías ... Este liderado pode apoiarse co desenvolvemento de actividades e funcións vinculadas á dinamización dos activos territoriais da súa contorna. Trátase de propiciar un espazo urbano máis atractivo e mellor organizado que permita potenciar a funcionalidade de Monforte como centro loxístico, de servizos á produción, sede de iniciativas de dinamización e desenvolvemento, espazo comercial e cultural e como elemento articulador dunha nova oferta turística de natureza para a Ribeira Sacra e nas áreas montañosas próximas do Courel e do Incio.*

 Grupo Parlamentario

Pero non rematan aquí as posibilidades de Monforte, xa que o futuro sistema viario de conexión de Galicia con León mediante a autovía Ourense-Ponferrada e a autovía diagonal de Galicia, así como a modernización do trazado ferroviario, orientado preferentemente ao tráfico de mercadorías, fan de Monforte un lugar que no futuro pode obter vantaxes da súa situación con respecto ao sistema de cidades galego e ao sistema portuario atlántico.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estamos a falar dun ámbito xeográfico vertebrador da provincia de Lugo e como tal ten que ter un pulo importante nos investimentos das administracións públicas con competencias nos ámbitos da rede ferroviaria e do transporte por estrada.

O porto seco de Monforte de Lemos non está en funcionamento, polo que un investimento público importante non se está a utilizar, coa conseguinte ineficacia no investimento dos cartos públicos.

No mes de decembro do ano 2016 preséntase ao Eixo Atlántico un informe sobre o porto seco de Monforte, elaborado polo catedrático de Infraestruturas dos Transportes don Miguel Rodríguez Bugarín, don Fernando Gonzalez Laxe, catedrático de Economía Aplicada na Universidade da Coruña, e por Carmen López Rodríguez, presidenta da Federación Galega de Xoves Empresarios e experta en Emprendedurismo que nas súas conclusións enumera, entre outras, as seguintes necesidades:

“1º) Modernizar a conexión Monforte-Palencia para permitir a conexión coa rede transeuropea procedente de Aveiro.

2º) Modernización das conexións interiores de Galicia para favorecer o acceso das mercadorías a Monforte.

3º) Deseñar un plan de apoio á industria autóctona e especialmente no sector agropecuario.”

Ante esta situación os deputados e as deputadas que asinan preguntan o Goberno galego:

Cando ten previsto poñer en funcionamento o porto seco de Monforte de Lemos?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 10:57
Nº Rexistro: 6486
Data envío: 13/03/2017 10:57:39.048



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 10 de marzo de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 13/03/2017 10:53:49

Maria de la Concepción Burgo López na data 13/03/2017 10:54:00

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 13/03/2017 10:54:14

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/03/2017 10:54:25

Raúl Fernández Fernández na data 13/03/2017 10:54:37

María Luisa Pierres López na data 13/03/2017 10:54:54

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.5 4838(10/POP-000624)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a sentenza xudicial referida ao proxecto de construción dunha liña de alta tensión entre as localidades do Irixo e Lalín, e a súa afectación á fraga de Casas Vellas, na parroquia de Catasós

Publicación da iniciativa, 67, 16.02.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Abel Losada Alvarez e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A empresa Fenosa tiña un proxecto de construción dunha liña de alta tensión entre as localidades de O Irixo e Lalín, que ía destruír a Fraga de Casas Vellas en Catasós. Esta fraga está situada preto do entorno natural protexido da Fraga de Quiroga e podería ser considerada unha continuación do mesmo, declarado monumento natural. Especies centenarias de distintas variedades, entre elas carballos e máis de 200 castiñeiros.

O proxecto era do ano 2007 e partía dun orzamento de 10 millóns de euros. No ano 2012, veciñas e veciños fixeran alegacións ao proxecto e interpuxeran un recurso de reposición en sede da Consellería de Economía e Industria.

Na pasada lexislatura, este grupo parlamentario pedía a derogación da resolución da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia que autorizaba a liña de alta tensión, que se realizasen as xestións oportunas para evitar a afectación deste entorno e que se modificase o trazado da liña LAT 132 Kv O Irixo-Lalín, sendo o novo trazado soterrado.

Dende hoxe, a protección do bosque de Casas Vellas está practicamente garantida: unha sentenza (aínda non firme) do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra acaba de desestimar a demanda de Fenosa fronte ao Concello de Lalín por negarse a outorgar licenza para un proxecto que contaba con todas as autorizacións do Goberno galego, pero que, segundo di a propia sentenza, incumpre a normativa ambiental autonómica.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Que opina o Goberno galego da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra sobre o incumprimento dunha normativa ambiental de ámbito autonómico?

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Abel Losada Alvarez
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/02/2017 16:04:57

María Luisa Pierres López na data 09/02/2017 16:05:03

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/02/2017 16:05:08

Raúl Fernández Fernández na data 09/02/2017 16:05:13

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.6 6514(10/PUP-000067)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego
diante do conflito laboral existente en Pescanova, para
defender os dereitos e as condicións de traballo dignas na
empresa

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Jose Manuel Lago Peñas, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á situación de Pescanova.

Xustificación da Urxencia.

Nos vindeiros días os traballadores e traballadoras da nova Pescanova van iniciar unha serie de xornadas de folga e paros parciais, na defensa das súas xustas reivindicacións laborais, no ámbito de negociación do novo convenio colectivo da empresa.

Logo do proceso vivido na empresa no pasado, que destapou unha estafa a sociedade, os traballadores e os accionistas, agora dende a nova dirección pretende precarizar as condicións de traballo e abaratar as novas incorporacións, todo isto, como antes, coa inacción ou a convivencia directa da administración

Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**:

Que vai facer o Goberno galego ante o conflito laboral aberto en Pescanova, para defender os dereitos e as condicións de traballo dignas na empresa?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 13/03/2017 16:59:44

Antón Sánchez García na data 13/03/2017 16:59:48

Carmen Santos Queiruga na data 13/03/2017 16:59:57

Paula Vázquez Verao na data 13/03/2017 17:00:04

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/03/2017 17:00:07

Juan José Merlo Lorenzo na data 13/03/2017 17:00:13

Eva Solla Fernández na data 13/03/2017 17:00:16

Luca Chao Pérez na data 13/03/2017 17:00:19

Paula Quinteiro Araújo na data 13/03/2017 17:00:22

Magdalena Barahona Martín na data 13/03/2017 17:00:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 17:46
Nº Rexistro: 6514
Data envío: 13/03/2017 17:46:39.411

José Manuel Lago Peñas na data 13/03/2017 17:00:28

Francisco Casal Vidal na data 13/03/2017 17:00:32

David Rodríguez Estévez na data 13/03/2017 17:00:35

Marcos Cal Ogando na data 13/03/2017 17:00:38

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.7 4332(10/POP-000545)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos do abandono temperá dos estudos en Galicia no ano 2016 pola poboación comprendida entre os 18 e 24 anos antes de acadar a educación secundaria postobrigatoria

Publicación da iniciativa, 63, 09.02.2017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 18:24
Nº Rexistro: 4332
Data envío: 31/01/2017 18:24:23.044

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Carlos E. López Crespo e Carlos Gómez Salgado, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O concepto de abandono temperá, que se ven empregando dende a adopción do punto de referencia no 2003, refírese á porcentaxe de poboación entre 18 e 24 anos que alcanzan como máximo a educación secundaria de primeira etapa (obrigatoria) e non continúan estudando ou formándose coa finalidade de acadar o nivel que para o século XXI se definiu coma desexable: a educación secundaria de segunda etapa (postobrigatoria).

Recentemente publicáronse os datos de abandono temperá en Galicia en 2016, segundo os cales a taxa de abandono temperá en Galicia no conxunto dese ano experimentou un novo descenso e confirmou unha boa tendencia iniciada en lexislaturas pasadas.

Os datos do abandono van en liña cos bos resultados acadados en estudos internacionais coma PISA 2015, no que Galicia obtivo os mellores resultados da súa historia, situándose por riba da media de España e da OCDE nas tres competencias avaliadas (lectora, matemática e científica); así como a comunidade autónoma co sistema educativo máis equitativo tanto a nivel nacional como internacional.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Qué valoración fai o Goberno galego dos datos recentemente publicados de abandono temperá en Galicia no ano 2016?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 31/01/2017 18:22:52

Moisés Blanco Paradelo na data 31/01/2017 18:22:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



Teresa Egerique Mosquera na data 31/01/2017 18:23:06

Martín Fernández Prado na data 31/01/2017 18:23:14

Carlos Enrique López Crespo na data 31/01/2017 18:23:23

Carlos Gómez Salgado na data 31/01/2017 18:23:31

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.8 2851(10/POP-000297)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a situación da atención primaria na Área Sanitaria de
Valdeorras

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 2851
Data envío: 02/01/2017 17:16:52.805

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa medidas vai tomar a Xunta para corrixir as deficiencias da área de Atención Primaria na Área Sanitaria de Valdeorras

A Atención Primaria é a porta de entrada ao sistema sanitario. En situacións de normalidade, constitúe o lugar inicial de consulta das e dos pacientes e polo tanto supón un elemento fundamental para a globalidade do sistema sanitario ao actuar de peneira para determinar os pasos a seguir das persoas que acoden ás consultas, asesoralas e, en última instancia, reverter sobre a saúde da poboación dun territorio e as boas prácticas canto a ela. Polo tanto, é fundamental que desde a Administración se vele pola boa xestión, dotación e organización dos servizos para que a calidade asistencial sexa a mellor posíbel.

Diferentes informacións de colectivos profesionais, sindicais e sociais alertan dunha preocupante situación de caos organizativo a respecto dos servizos de Atención Primaria da Área Sanitaria de Valdeorras. Unha desorganización que vén a sumarse ás rebaixas continuadas en materia de dotación de persoal, infraestruturas e materiais que supuxeron e supoñen as políticas sanitarias do Partido Popular e que teñen levado á atención primaria a un estado de permanente deterioro.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 2851
Data envío: 02/01/2017 17:16:52.805

Ademais, no caso da provincia de Ourense, ás dificultades existentes en xeral na atención primaria engádese un elevado grao de dispersión territorial ao que no caso da Área de Valdeorras se suman importantes distancias polas condicións xeográficas e, nos meses de inverno, polas condicións climáticas. Isto dificulta o desprazamento dos e das profesionais da sanidade que teñen distribuídas as súas horas de traballo en diferentes centros.

Estas circunstancias requiren da Administración unha meirande planificación e organización e, porén, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, coñecida a opinión de pacientes e profesionais, observamos todo o contrario.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG, a través das deputadas e deputados asinantes, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

-Que medidas vai tomar a Xunta para corrixir as deficiencias na área sanitaria de Valdeorras provocadas por falta de persoal e de planificación que está a causar importantes prexuízos na poboación?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 2851
Data envío: 02/01/2017 17:16:52.805

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2017 17:15:58

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2017 17:16:04

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2017 17:16:07

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2017 17:16:09

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2017 17:16:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2017 17:16:20

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.03.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.9 5955(10/POP-000774)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da presentación no Parlamento de Galicia, no actual período de sesións, dun proxecto de lei de modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que recolla o sentido e interpretación da sentenza xudicial referida á resolución da Dirección Xeral de Política Social respecto da concesión dunha soa renda de integración por domicilio e o que debe considerarse como unidade de convivencia

Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Vero e **Luís Villares Naveira**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do establecido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

O xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Vigo ditou sentenza o 23 de novembro de 2016 contra a Resolución da Dirección Xeral de Política Social da Xunta de Galicia na que se informaba á persoa reclamante de que dispuña de 6 meses de prazo para constituír un fogar independente e que no caso contrario se procedería a retirarlle a RISGA. A demandante compartía domicilio con outra persoa que non formaba parte da unidade de convivencia beneficiaria e que tamén é perceptora da RISGA.

O 23 de novembro de 2015, a Dirección Xeral de Política Social notificoulle á demandante que, conforme á nova regulación, como norma xeral só procedía conceder unha renda de integración por domicilio, de xeito que dispuña de seis meses para constituír un fogar independente ou se extinguiría o dereito á prestación.

Efectivamente, a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no seu artigo 11 di:

“Artigo 11. Unidade de convivencia. Criterios e regras de aplicación



1. Como regra xeral concederáse unha soa renda por domicilio, entendido como marco físico de aloxamento da unidade de convivencia da que forma parte a persoa titular da prestación.

2. Para os efectos do previsto nesta lei considerarase unidade de convivencia o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente.”

Tras analizar a aplicación do artigo 11 ao caso concreto da persoa demandante, conclúe a sentenza que “Sería inverosímil que dúas persoas que perciben sendas prestacións (persoais e intransferibles, di o art. 6.3) para eludir a súa exclusión social tiveran que eludirse mutuamente para non incorrer en esaxerada inclusión” e declara “contraria ao ordenamento xurídico a condición imposta á demandante na resolución recorrida – constituír un fogar independente no prazo de seis meses – para non sufrir a extinción da prestación”.

Polo exposto, os deputados que subscriben formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Presentará ante o Parlamento, neste período de sesións, un Proxecto de lei de Modificación da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia que recolla o sentido e interpretación da sentenza nº 389 que o Contencioso Administrativo número 1 de Vigo ditou o 23 de novembro de 2016 contra unha Resolución da Dirección Xeral de Política Social da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 13:43
Nº Rexistro: 5955
Data envío: 02/03/2017 13:43:01.712

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/03/2017 13:37:42

Luis Villares Naveira na data 02/03/2017 13:37:50